



2016-2020

Plan de linguas da UAB

Pla de llengües de la UAB

Plan de linguas de la UAB

Plan de lengües dera UAB

UAB Plan for Languages

UABko hizkuntza-plana

Plan d'action pour les langues



1. Obxectivo do Plan de linguas

Dispoñer dun marco estratéxico para a política lingüística da UAB para o período 2016-2020.

2. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación é a Universitat Autònoma de Barcelona. Ademais, a Universidade recomenda que se lles apliquen subsidiariamente algúns criterios do Plan ás entidades nas que a UAB ten unha participación maioritaria e que este plan sirva de orientación para as entidades que recoñece a UAB.

3. Duración

O Plan propónse para unha duración de cinco anos, de xaneiro de 2016 a decembro de 2020.

4. Tipoloxía do Plan

O Plan de linguas enténdese como un marco xeral, unha folla de ruta, e cada ámbito ten que establecer os mecanismos para concretalo en plans específicos, de acordo coa súa especificidade.

5. Responsable de facer o seguimento

A Comisión de Política Lingüística, delegada do Consello de Goberno, fai o seguimento do Plan de linguas.

O Servizo de Linguas é o ente encargado de dar apoio técnico ao Plan.

O interlocutor de Política Lingüística de cada centro é a persoa de referencia para canalizar as dúbidas ou as cuestións en materia lingüística do centro.



6. Recursos necesarios

O Plan de linguas contén unha previsión orzamentaria anual das actuacións que hai que desenvolver. Estas actuacións establécense por orde prioridade cada ano, de forma que, se non hai dispoñibilidade orzamentaria para levalas todas a cabo, pódense levar a cabo as máis importantes.

7. Estrutura e contidos

O Plan articúlase a partir dos seguintes elementos.

7.1. Marco xeral

O Plan de linguas da UAB parte do marco xeral que se describe a continuación.

O catalán é a lingua propia e oficial (xunto co castelán) de Cataluña e de todos os niveis educativos en Cataluña, e por conseguinte é a lingua propia da UAB. A condición de lingua propia fai da lingua catalá un elemento clave para lograr os obxectivos de excelencia e de captación e fidelización de talento da Universidade, dado que as competencias lingüísticas son fundamentais para o desenvolvemento persoal e profesional. Por outro lado, a UAB, como universidade catalá, é responsable de asegurar o uso da lingua e a súa divulgación, así como a mellora da produción científica en catalán.

O castelán é a outra lingua oficial da UAB que, ademais, é un centro de referencia en filoloxía castelá. Xunto co inglés, é unha lingua imprescindible para captar e fidelizar talento e para lograr os obxectivos de internacionalización e de excelencia da Universidade.

O inglés converteuse na lingua franca da comunidade académica internacional e cada vez utilízase máis como lingua de traballo efectiva na actividade da universidade e en contornos profesionais; por este motivo, é un activo clave para o desenvolvemento académico dos nosos estudantes. Así pois, considérase necesario formalizar a condición do inglés como lingua franca.



Se ben é indiscutible o rol do inglés como lingua franca na comunidade académica internacional na estratexia de internacionalización da Universidade, o francés tamén ten un papel importante por razóns xeoestratéxicas, por proximidade e por tradición. Ademais, o francés, o alemán e o italiano, entre outras linguas, son estratéxicas como linguas de referencia en determinados campos de coñecemento e en determinados contornos profesionais. Por outro lado, en determinadas profesións é importante a competencia multilingüe.

Actualmente, na comunicación e na promoción da Universidade tamén son importantes as linguas do leste asiático (principalmente o chinés, o xaponés e o coreano) como consecuencia da aposta estratéxica que fixo a UAB por esta área xeográfica.

Finalmente, un activo importante da Universidade é o seu capital lingüístico: o concepto de universidade está, desde os seus inicios, ligado ao multilingüismo como factor de enriquecemento e de aproximación entre as persoas que xeran e consumen coñecemento. As linguas e as culturas que conviven enriquecen a comunidade universitaria e, por outro lado, o conxunto de estudos, centros, institutos, grupos de investigación e servizos relacionados coas linguas son fonte de investigación, de transferencia de coñecemento e de innovación neste ámbito.

7.2. Misión, visión e valores

7.2.1. Misión

O Plan de linguas é o instrumento que establece os obxectivos e as accións necesarias en materia de política lingüística para desenvolver a misión da UAB.



7.2.2. Visión

O Plan de linguas ten que facilitar que a UAB sexa:

- Modelo de calidade lingüística e de comunicación eficaz na docencia, na investigación e nas comunicacións institucionais.
- Motor da investigación, a transferencia de coñecemento e a innovación en materia de linguas.
- Referente local e internacional na construción e na aplicación dun modelo de gobernanza do multilingüismo na Universidade.
- Caso recoñecido de compromiso coa sustentabilidade lingüística.

7.2.3. Valores

O Plan de linguas sostense nos seguintes valores:

- O fomento da lingua catalá, como lingua propia e oficial, na docencia, na investigación e na transferencia de coñecemento.
- O recoñecemento do castelán como lingua importante para a internacionalización da UAB.
- A promoción do inglés, como lingua franca da comunidade académica internacional, na docencia, na investigación, na documentación administrativa e nas comunicacións institucionais.
- O recoñecemento do multilingüismo da Universidade, e do multilingüismo e competencia intercultural da comunidade universitaria como activos estratéxicos para a internacionalización da UAB.
- A transparencia e a efectividade dos dereitos e os deberes lingüísticos que se derivan da condición das linguas: do catalán como lingua propia, do catalán e o castelán como linguas oficiais, do inglés como lingua franca da comunidade académica internacional, e tamén doutras linguas en contextos específicos.



7.3. Obxectivos estratéxicos

Os obxectivos estratéxicos do Plan de linguas da UAB están aliñados cos obxectivos estratéxicos que a Universidade establece, principalmente cos seguintes: consolidar a docencia de calidade, estender o impacto local e internacional da docencia propia, e potenciar a calidade da investigación.

Tamén se teñen en conta os obxectivos de mellora das competencias lingüísticas que a Generalitat de Cataluña estableceu para a financiación variable por obxectivos das universidades públicas catalás.

Os obxectivos estratéxicos do Plan de linguas son os seguintes:

- Incrementar a competencia lingüística dos estudantes.
- Mellorar a capacidade de interacción intercultural da comunidade universitaria.— Contribuír a incrementar o número de estudantes locais e internacionais, ampliando a dispoñibilidade lingüística da Universidade en relación coa súa comunidade.
- Contribuír a incrementar o volume de investigación publicada en inglés, catalán e castelán e noutras linguas que poidan ser relevantes en determinados ámbitos.
- Contribuír a incrementar o impacto das actuacións da Universidade mediante o aseguramento da calidade lingüística dos documentos de difusión.

7.4. Eixes de actuación

O Plan de linguas estrutúrase en tres eixes de actuación:

- Eixe institucional e de xestión
- Eixe da docencia e a investigación
- Eixe da mobilidade e a acollida



7.5. Actuacións

Os contidos das actuacións concrépanse a partir dos obxectivos estratéxicos (ver apartado 7.3). Estas actuacións teñen que ser alcanzables no prazo de vixencia do Plan e poden ser de catro tipos diferentes:

- de apoio,
- de aplicación,
- de diagnóstico,
- de regulación.

Cada ano fíxase un plan de actuacións anual para ter en conta tanto as necesidades de cada momento como as disponibilidades orzamentarias.

Para a etapa que se inicia co novo Plan de linguas, valóranse como especialmente efectivas as medidas de apoio, e considérase que actualmente as de diagnóstico e as de regulación, para todos os efectos, son menos necesarias que hai uns anos, se ben en determinados casos si que poden selo.